

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMACIÓN CINEMATOGRÁFICA DOS CINECLUBS GALEGOS EN 2025**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa Federación de Cineclubes de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic da programación cinematográfica que desenvolve a Federación de Cineclubes de Galicia nos cineclubes galegos, apoiando así a programación cinematográfica en Galicia durante o ano 2025 mediante un programa de exhibición de filmes entre os cineclubes que integran a Federación artellado, por unha banda, a través de ciclos e semanas de cine, e por outra, a través do programa Fimoteca, constituído por unha escolma representativa da diversidade da programación do último ano da sala José Sellier da Fimoteca de Galicia. Mantense deste xeito unha programación estable e de calidade nos cineclubes galegos e impulsando o seu labor de difusión e de creación de públicos.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic, atendendo aos seus fins de fomento da demanda de produtos culturais e impulso na difusión do patrimonio cultural galego, considera esencial o apoio á Federación de Cineclubes de Galicia para o desenvolvemento deste proxecto co fin de contribuír a este labor de difusión do cine e de promoción e potenciación, a vez, do sector cinematográfico galego.

O esforzo no fomento dun sector como o audiovisual que leva a cabo a través da organización destes programas a Federación de Cineclubes de Galicia xunto cos cineclubes que a integran coincide plenamente coa liña de difusión e promoción do audiovisual que a Agadic leva a cabo, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas que se desenvolven como alternativa aos circuitos de exhibición comercial. O seu empeño en acercar ao público propostas cinematográficas de claro contido cultural e a intención de facelas chegar a localidades e contornas rurais son iniciativas que a Agadic considera de suma importancia e que cómpre valorar e apoiar.

O alto grao de representatividade da Federación, ao asociar a maior parte dos cineclubes galegos; o carácter específico da actuación, ao ser esta entidade a única que desenvolve unha actividade de difusión do cine a través da rede de cineclubes galegos, contemplada no seus estatutos, así como a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais de actuacións de fomento de actividades mediante convenios de colaboración con fins culturais



con entidades de carácter cultural e corporacións locais para o ano 2025, xustifican a concesión da subvención mediante a formalización do convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

